



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS E SINGULARES NO EIDO DA XEOTERMIA E DOUTRAS FONTES DE ENERXÍA RENOVABLE COMPLEMENTARIAS**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**DECLARA:** Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia (ACLUXEGA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura E rematará o 31 de decembro de 2022, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e ACLUXEGA para a realización dunha estratexia conxunta para a realización de actividades de difusión, formación, información e promoción de proxectos estratéxicos e singulares no eido das fontes renovables de enerxía, que poidan optar ás diferentes liñas de axuda existentes, e tamén especificamente as que teñen que ver coa enerxía xeotérmica para a sensibilización dos actores que poden intervir na realización de actuacións inversoras e transformadoras.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Inega constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Na actualidade as políticas de diversos ámbitos e niveis están sendo influenciadas por todos os acordos para a mitigación do cambio climático, posto que o modelo de malgasto enerxético e fontes de enerxía contaminantes non nolo podemos permitir. Todos os escenarios prospectivos futuros mostran como, para acadar os niveis desexables de redución de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro é imprescindible descarbonizar case totalmente o sector eléctrico e abandonar, en gran parte, o emprego de combustibles fósiles no resto dos sectores.

No caso de Galicia en relación coa enerxía xeotérmica, a existencia dun subsolo con predominio de rocas cristalinas de alta condutividade térmica (Granitos), facilmente perforables e cun nivel freático moi superficial, fai que practicamente todo o solo do seu territorio resulte óptimo para a implantación dos Sistemas de Captación Xeotérmica.





É por elo que a Xunta de Galicia ven de por en marcha nestes anos a “Estratexia de Impulso a xeotermia 2015 - 2020” e o “Plan de Promoción e Impulso á Xeotermia 2021 - 2023” para o fomento desta tecnoloxía en Galicia, a partir dos cales desenvolvéronse medidas de fomento do uso da xeotermia con axudas específicas a familias, empresas, administracións e entidades, medidas de calidade e accións de formación, difusión e sensibilización.

O sector da xeotermia galega, altamente profesionalizado e representado pola Asociación Clúster da Xeotermia Galega - ACLUXEGA, colaborou coa Consellería competente en materia de enerxía da Xunta de Galicia no deseño, posta marcha e desenvolvemento de Estratexias, Estudos e Plans para a implantación desta tecnoloxía en Galicia.

ACLUXEGA é unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que representa as empresas do sector da xeotermia, constituída baixo a forma xurídica de asociación que ten como obxecto promover e contribuír á competitividade do sector da xeotermia colaborando coas institucións para impulsar o desenvolvemento da devandita tecnoloxía, fomentar o coñecemento e interese polo desenvolvemento desta, promover a calidade das instalacións realizadas, apoiar e fomentar a investigación a formación e a difusión en dita tecnoloxía, desenvolvemento a innovación das empresas para a mellora da referida tecnoloxía e contribuír á internacionalización dos seus asociados e a mellora das condicións do entorno do sector.

Neste intre, é necesario avanzar en novas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima e de acordo coas directrices emanadas do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 e por en marcha novas propostas que redunden na consecución dos obxectivos establecidos no Plan, tanto de descarbonización como de potenciación das enerxías renovables o hidróxeno renovables e o almacenamento na nosa Comunidade Autónoma como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local, como é o caso da enerxía xeotérmica en Galicia.

É por isto que o Inega, neste marco, e no seu obxectivo de impulsar o estudo das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas renovables e a mellora do aforro e a eficiencia enerxética no prazo 2021-2030 require a colaboración de ACLUXEGA, para a realización de actividades de difusión, formación, información e promoción de proxectos estratéxicos e singulares no eido das fontes renovables de enerxía, que poidan optar ás diferentes liñas de axuda existentes, e tamén especificamente as que teñen que ver coa enerxía xeotérmica para a sensibilización dos actores que poden intervir na realización de actuacións inversoras e transformadoras.

Tratarse dunha actuación que vai servir de marco de referencia para a consecución dos obxectivos marcados polo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021 -2031.



O Inega colaborará con Acluxega no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de corenta mil euros (40.000,00 €) I.V.E. engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria **06.A3.733A.641.1** do seu orzamento de gastos para o ano 2022, segundo o cadro seguinte:

<b>ACCIÓNS</b>		<b>2022 ORZAMENTO POR CONCEPTOS</b>
<b>Promoción / Divulgación / Difusión / Información / Sensibilización / Proxectos - ESTRATEXIA</b>		
<b>Concepto: Promoción/Divulgación/Comunicación</b>		
	<b>1.- Actividades de difusión, sensibilización e comunicación entre as seguintes: feiras, foros, accións informativas e/ou formativas presenciais, mixtas ou webinars, prensa escrita e dixitais, edición e difusión de materias impresos e/ou dixitais, informativos, formativos, explicativos e outros, relacionados coa estratexia.</b>	<b>9.750,00 €</b>
	<b>2.- Secretaría e outros custes de xestión: Calidade, coordinación e posta en marcha das actividades do convenio, actividades de información sobre axudas á geotermia e enerxías complementarias e outros. Asistencia a empresas e entidades interesadas. Identificación de axentes crave e proxectos estratéxicos...</b>	<b>30.250,00 €</b>
<b>TOTAL ACCIÓNS</b>		
<b>TOTAL PRESUPOSTO</b>		<b>40.000,00 €</b>

O interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada.

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, xerar volume de negocio e evitar a contaminación ambiental, dar a coñecer as empresas e a cidadanía en xeral este sistema de aproveitamento enerxético.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director do Departamento de Enerxía,  
Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo

